

# Operadores Yang-Baxter débiles e estruturas alxebraicas asociadas

Ramón González Rodríguez

**Resumo.** Na presente charla constrúense exemplos de operadores Yang-Baxter débiles demostrando que existe unha conexión monoidal entre os operadores asociados a un álgebra de Hopf débil cuasitriangular  $H$  e aqueles obtidos traballando coa categoría de módulos Yetter-Drinfelf pola esquerda, i.e., se  ${}_H\mathcal{C}$  denota a categoría de  $H$ -módulos pola esquerda e  ${}^H_H\mathcal{YD}$  a categoría de módulos Yetter-Drinfelf pola esquerda, pódese demostrar que existe un funtor  $F : {}_H\mathcal{C} \rightarrow {}^H_H\mathcal{YD}$  preservando a trenza [3].

Na segunda parte da charla, usando a noción de operador Yang-Baxter débil, introducimos a definición de álgebra de Hopf débil trenzada e demostramos que é posible construír exemplos non triviais destes obxectos alxebraicos modificando a estrutura dunha álgebra de Hopf en  ${}^H_H\mathcal{YD}$ . Polo tanto, usando o funtor monoidal  $F : {}_H\mathcal{C} \rightarrow {}^H_H\mathcal{YD}$ , citado no primeiro parágrafo deste resumo, obtemos novos exemplos de álgebras de Hopf débiles trenzadas nun contexto cuasitriangular.

A definición de álgebra de Hopf débil trenzada xeneraliza a noción de álgebra de Hopf trenzada introducida por Takeuchi en [6], a noción de álgebra de Hopf débil (véxase [4]), e si o operador Yang-Baxter é a trenza dunha categoría monoidal trenzada, a noción de álgebra de Hopf nunha categoría trenzada. Tamén a noción de monoide de Hopf débil trenzado, introducido recentemente por Pastro e Street [5], é un caso particular da nosa definici'on, chamado en [1] e [2] álgebra de Hopf débil nunha categoría trenzada.

Na parte final da charla mostramos as relacíons existentes entre a noción de álgebra de Hopf débil trenzada e a de entrelazamento débil nun contexto monoidal.

## Bibliografía

- [1] J.N. Alonso Álvarez, J.M. Fernández Vilaboa, R. González Rodríguez, Weak braided Hopf algebras, Indiana University Math. J. (in press: disponible en <http://www.iumj.indiana.edu/IUMJ/forthcoming.php>) (2008).
- [2] J.N. Alonso Álvarez, J.M. Fernández Vilaboa, R. González Rodríguez, Weak Hopf algebras and weak Yang-Baxter operators, J. of Algebra (in press), (2008).
- [3] J.N. Alonso Álvarez, J.M. Fernández Vilaboa, R. González Rodríguez, Weak Yang-Baxter operators and quasitriangular weak Hopf algebras, preprint, (2008).

- [4] G. Böhm, F. Nill, K. Szlachányi, *Weak Hopf algebras, I. Integral theory and  $C^*$ -structure*, J. of Algebra, **221** (1999), 385-438.
- [5] C. Pastro, R. Street, Weak Hopf monoids in braided monoidal categories, arXiv:mathQA/0801.4067 (2008).
- [6] M. Takeuchi, *Survey of braided Hopf algebras*, Contemporary Math., **267** (2000), 301-323.